

A guerrilla antifranquista na Capela a través dunha familia: os Freire

CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ*
ISABEL FREIRE VILARIÑO**

Sumario

A familia Freire-Barcia foi parte activa da guerrilla antifranquista na Capela (A Coruña). Este artigo recolle a súa memoria de protagonistas.

Abstract

The Freire-Barcia family played an active part of the anti-franquist wars in Capela (A. Coruña). This article gathers together the memories of those who took part.



Balas aparecidas xunto ós restos de Juan Freire Barcia, en Monfero, na súa exhumación.

Despois dos libros pioneiros de Harmut Heine e Bernardo Máiz, ata hai moi poucos anos non se retomou, por parte da historiografía galega, o estudo da resistencia antifranquista no noso país, tanto no eido político como no militar. Afortunadamente, cada vez é máis habitual atopar nos andeis das librerías algunha novidade desta temática.

Non é o obxectivo deste traballo facer un estudo da guerrilla, senón aportar novas achegas proporcionadas pola memoria dalgúns dos protagonistas, especialmente a de Francisco Freire Barcia, irmán de dous guerrilleiros que perderon a vida nesa loita. Unha memoria importante porque a familia Freire xogou un destacado papel non só pola participación activa dalgúns dos seus membros na guerrilla, senón porque a súa casa, nas Cernadas (Capela) foi un destacado punto de apoio e reunión da guerrilla desa comarca, pola que pasaron boa parte dos líderes guerrilleiros, e porque membros da familia colaboraron

*Carlos Pereira Martínez é funcionario do Concello de Culleredo (A Coruña) e historiador.

** Isabel Freire Vilariño é sobriña dos guerrilleiros Juan e José Freire Barcia.

como enlaces ou participaron na construción, por exemplo, do refuxio do Eume. O testemuño de Francisco, as entrevistas sostidas por Isabel Freire con outras testemuñas da época e os datos aportados polas exhumacións son os alicerces deste traballo.

Por outra parte, proporcionounos información complementaria a bibliografía que consultamos. Nalgúns casos, menciona brevemente aos irmáns Freire; noutros, fai un balanço superficial da guerrilla na zona de actuación que estudiamos; noutros casos, disecciona a historia da guerrilla galega e as súas actuacións. Ao final do artigo incluímos, por se alguén quere afondar un pouco máis, a relación bibliográfica tan só das obras que, en maior ou menor medida, fan algunha referencia á zona da Capela.

1. RAFAEL FREIRE LAMAS, O PATRIARCA DA FAMILIA

Rafael Freire Lamas naceu en A Capela (lugar de Os Roxedoiros) o 10 de setembro de 1882. O seu pai, Antonio, nacera no lugar de Os Miguelares; cando casou con Manuela foise vivir a Os Roxedoiros, de onde era ela era natural. Labregos de profesión, tiveron cinco fillos: dúas mulleres e tres varóns. Como era habitual na época, na educación eran bastante rectos con eles. Rafael entendíase especialmente ben co seu irmán José, máis novo cá el; compartirían inquedanzas ao longo da vida. Asistiu pouco á escola, aínda que aprendeu a ler e escribir. Dende cativo tivo que axudar na casa, cos animais e a labranza.

Nunha ocasión, cando tiña 14 anos, tivo que ir a Ferrol. Alí encontrouse cun grupo de nenos que lle berraban «montañés», para ofendelo. El tirou dunha pistola que levaba no cinto (cousa corrente na época), disparou un tiro ao aire e os contrincantes saíron a correr.

Comezou a traballar de pedreiro, carrexando pedras para os canteiros, de serrador nos montes e, como peón, na construción da Central do Eume, a comezos do XX.

Aforrou o diñeiro que precisaba para conseguir unha pasaxe e emigrou a Arxentina. Non tiña alí familia nin amigos, pero quixo probar fortuna. Da súa estadía alí pouco se sabe, xa que residiu pouco tempo. Só falaba, en repetidas ocasións, dunha persoa moi intelixente que tratou alí, co que conversaba moito e que lle ensinara moitas cousas.

Regresou da Arxentina e, un tempo despois, casou. A súa esposa era tamén da Capela (do lugar da Brea). A parella quedou a vivir cos pais del. Seguiu traballando no oficio de pedreiro e de cortador de leña durante a súa vida. O matrimonio tivo cinco fillos: tres mulleres e dous varóns. O máis novo enfermou e morreu cando tiña sete ou oito anos. Rafael mercáralle unha frauta de madeira, que logo da morte do neno conservou durante toda a súa vida e aínda existe. A morte dese fillo marcouno profundamente. Dicía que, ata ese momento, tiña sido ateo e materialista, pero esa tráxica vivencia removeuno por dentro e comezou a buscarlle un sentido á vida; nesa busca mantívose ata o día da súa morte. Esas inquedanzas prenderon tamén no seu mencionado irmán José. Mesmo, nunha ocasión, foron a unha xuntanza da Igrexa Evanxélica, pero non lles satisfizo.

A súa esposa enfermou e morreu cara 1915. Casou en segundas nupcias con Peregrina Barcia, que era natural do lugar de Vilar de Mouros. Foron vivir alí, deixando aos fillos que el tiña do seu primeiro matrimonio cos avós paternos, na casa na que viviran sempre.

Da unión con Peregrina naceron oito fillos:

Arturo Freire Barcia (30-5-1920).

Evaristo Freire Barcia (22-1-1922).

Balbina Freire Barcia (1-2-1924).

Juan Freire Barcia (21-3-1926).

Arriba, Rafael Freire Lamas.

*Abaixo, de esquerda a dereita,
de trás:*

Evaristo Freire Barcia

Juan Freire Barcia

Peregrina Barcia

Carmen (amiga da familia)

Arturo Freire Barcia

Herminia Freire Barcia

Os nenos (de esquerda a dereita):

Antonio Freire Barcia

José Freire Barcia

Francisco Freire Barcia

Manuel Freire Barcia



José Freire Barcia (22-8-1928).
 Manuel Freire Barcia (12-12-1930).
 Antonio Freire Barcia (12-4-1933).
 Francisco Freire Barcia (7-2-1935).

No ano 1932 foron vivir a outro lugar chamado A Cernada, propiedade dun particular. Había dúas casas: unha, a que alugou Rafael, e a outra foille alugada a outra familia. Na Cernada, («O Paraíso», como a denomina Francisco Freire Barcia), naceron os seus dous fillos menores.

A familia vivía nunha extrema humildade. Os sábados, a nai bañaba aos fillos e laváballes a roupa; tiñan que estar encerrados nunha habitación ata que a roupa secase, porque non tiñan outra para poñer. Rafael gustaba moito dos nenos, e polas noites contáballes historias e léalles libros, inculcándolles o amor pola lectura. Os rapaces asistiron á escola, pero para aprender as nocións básicas: as catro regras de contas, ler e escribir. A pesar desta parca educación, gracias ás lecturas na casa Arturo, o fillo maior, estivo traballando no Concello como escribinte.

Diferencias co crego provocaron que Rafael non quixese bautizar aos seus últimos fillos. Era católico, pero non dogmático e, de feito, non intentou que outro crego os bautizase. El seguía asistindo a misa, pero noutra parroquia.

Debeu caer nas súas mans un libro de Matías Usero Torrente, personaxe moi coñecido en Ferrol, que fora misionero, era republicano e masón e escribiu libros contra a Igrexa. Rafael e o seu irmán tentaron por todos os medios coñecelo persoalmente, ata que o conseguiron. O visitaban moitas veces na casa que Matías tiña en San Felipe. Sostiñan longas conversas sobre o significado da vida, o misticismo. El lles contaba aos seus fillos que Usero era un sabio, pero que ninguén o coñecía de verdade, nin sequera a súa familia. Fixéronse grandes amigos. Matías Usero foi «paseado» durante a guerra, e Rafael sentiu moito esa perda. Dende ese día, cada vez que se pronunciaba o seu nome na casa, choraba.

Matías Usero tiña unha filla, Luz, que traballou nunha farmacia dun tío paterno, en Ferrol, na rúa da Terra. Ela e a súa nai estiveron durante un tempo, cara 1941, na casa de Rafael Freire nas Cernadas.

A familia descoñece como conseguiu Rafael o enderezo da «Fraternidad Rosacruz», orde mística dirixida por Max Heindel, que tiña a súa casa matriz en California; quizais foi a través de Usero. A institución enviaba unhas leccións mensuais aos seus estudantes; a cambio, estes remesaban algo de diñeiro -se podían enviar algo, senón nada- e, mensualmente, un informe coas súas impresións sobre as leccións, para demostrar o seu interese. Rafael ingresou na «Fraternidade» cara 1934 (consérvanse varios números dunha revista, *El Herald Rosacruz*, publicados en Barcelona, o primeiro deles datado en xullo de 1934). A correspondencia coa «Fraternidade» foi problemática durante a Guerra. En maio de 1937 recibe unha carta na que se lle comunica que non tiñan noticias súas dende agosto de 1936. Posteriormente, en xullo de 1937, dano de baixa. Volve contactar en xaneiro de 1938, e xa non a deixa ata a súa morte. Conservou case todas as cartas e todas as leccións que lle enviaban; só faltan as correspondentes aos anos 1943 a 1946, que seguramente recibiu pero probablemente tivo que facer desaparecer. Posuía bastantes libros, algúns dos cales, na época de máis represión, tivo que enterrar ou mesmo queimar, para evitar problemas.

Pero volvamos atrás. Chegou a Guerra Civil e un dos fillos do seu primeiro matrimonio, Jesús, estivo no Exército «nacional», resultando ferido, e tamén Arturo foi mobilizado.

No transcurso da guerra Rafael axudaba na súa casa a moitos fuxidos, acubillándoos e alimentándoos, a pesar de que a familia carecía de recursos. Mesmo construíu unha casopa preto da casa, para agochalos. A Garda Civil molestábaos a cotío. El era de ideas republicanas, pero nunca militarara en ningún partido.

Aínda que logo falaremos máis polo miúdo da colaboración coa guerrilla nos anos 40, mencionaremos agora que en 1949 dous dos seus fillos, Juan e José, incorporáanse á guerrilla. Juan morrerá en Monfero a finais deste ano e José en Neda en 1951.

En 1954 o propietario do lugar no que vivía obrígaos a abandonar a casa, alegando falsamente que a precisaba para un cuñado. A noticia caeu coma un mazazo. Rafael traballara duro alí, construíra un muíño, ideara un sistema para ter luz eléctrica... Eles xa eran maiores e non dispuñan de diñeiro. Comezou entón un preito que durou ata o ano 1957. O dono gañou o preito gracias a mentiras e diñeiro, e foron desafiuzados.


Os fillos, que xa eran maiores e traballaban, mercaron aos seus pais unha casa nas Filgueiras e marcharon vivir alí. Arturo conseguiu unha paga para o seu pai, pero el non a quería porque dicía que seguramente había xente máis necesitada. Tiveron que enganalo para que asinara os papeis, e finalmente cobrouna, pero a repartía entre os seus netos.

No ano 1963 morre a súa esposa, Peregrina.


De súpeto enfermou e deixou de comer. O seu fillo Francisco, que era o único que vivía con el na casa, quixo chamar ao médico pero o pai díxolle que era inútil: o tempo acabárase para el. Non tiña bens que repartir, só obxectos persoais moi prezados para el, e el mesmo os repartiu. A Francisco deulle unha navalla de nácara que el mesmo fixera, e lle encargou que entregase ao seu irmán Manuel un chisqueiro, e a Jesús uns determinados libros; e que os restantes irmáns levasen os libros que quixesen. Estivo durante un tempo falando co seu fillo de cousas que lle sucederan. Despois pediulle que o bañase e o cambiase de roupa, porque non quería que ninguén o tocase cando estivese morto (antes había o costume de bañar á xente en canto morría). Fíxoo e axudouno a meterse na cama. Rafael pediulle que o axudase a dar a volta e despois mandouno baixar e deixalo só, que quería durmir un anaco. Cando volveu subir, o pai morrera. Era o ano 1964.

Rafael Freire era un home atípico para a época. Persoa moi xusta. Encantáballe a froita, pero era incapaz de pasar baixo dunha maceira cargada dela e coller unha sen permiso do dono. Todo o tempo facíaselle pouco para saciar a súa ansia de aprender nos libros, a pesar de pertencer a unha familia de labregos, e de dispor de moi poucos recursos económicos; co pouco que tiña mercaba libros. Dende que se fixera rosacruz non comía carne, non mataba ningún tipo de animal, era amante na natureza. Aprendeu a facer curación aos enfermos, e camiñaba moitos quilómetros para desenvolver este labor, sen recibir nada a cambio. Isto lle fixo gañarse o alcume de «o bruxo», porque a xente nin o entendía e el nin entendía o que facía. Era o home estraño que, no canto de preocuparse de axudar aos veciños cos semente e esas cousas, enfrascábase nos libros e cría en «cousas raras».

Era tremendamente humilde e a súa pena era que non lle dera tempo de aprender todo o que quería e de mellorar o seu carácter, algo fusco. Dende que foi maior para traballar, pasaba todo o día lendo todo tipo de cousas, pero sobre todo libros de misticismo. Gustáballe explicar aos demais o que aprendera nos libros, e amolábo que non o entendesen; el vía as cousas tan claras que cría que todos as verían igual se llelas explicaba.



Libro de familia que levaba Rafael Freire Lamas.



Carta da «Fraternidade Rosacruz» a Rafael Lamas.

A vida golpeouno duramente: un fillo pequeno morto por enfermidade, dous asasinados, viúvo en dúas ocasións, desafiuzado do seu fogar na vellez, tendo que irse co posto; traballando toda a vida moi duro para vivir moi humildemente. E a pesar de todo iso, nunca se queixou da vida que lle tocara vivir: «por algo será», dicía.

Dispuña Rafael dunha interesante biblioteca. Aínda que logo dos sucesos de 1936 viuse obrigado, por seguridade, a enterrar moitos libros (que desgraciadamente podrearon), a familia aínda conserva algúns, que nos amosan as súas inqedanzas.

Como podemos comprobar, a temática de carácter esotérico, relacionada coa súa pertenza á Orde Rosacruz, é a máis abundante.

C. Flammarion: *Astronomía popular*.

C. Flammarion: *La casa de duendes*.

C. Flammarion: *La pluralidad de mundos habitados* (vols. 1 e 2).

Allan Kardec: *Para hablar con los espíritus*.

Allan Kardec: *El libro de los espíritus* (premiado en 1903-Viena, 1907-Madrid, 1907-Budapest, 1910, Buenos Aires)

Annie Besant: *El poder del pensamiento*.

Virgilio: *La Eneida*.

Homero: *La Iliada* (4º ed., Ediciones Ibéricas)

Homero: *La Odisea* (4ª ed., Ediciones Ibéricas)

Cervantes: *Persiles y Segismunda*.

Cervantes: *La Galatea* (1916)

Goethe: *Fausto/Werther/Herman y Dorotea* (2ª ed., Ediciones Ibéricas)

F. Hartmann: *Rosacruces y Alquimistas* (filosofía yoga) (1926)

A. Bruschetti: *Ciencia práctica de la vida* (1920)

R. H. de Ibarreta: *La religión al alcance de todos*

W. Fardwell: *El ultraconsciente y el infraconsciente*.

J. L. de Arrese: *Escritos y discursos* (1943)

Jerónimo Cortés: *Lunario perpetuo (y pronósticos infalibles)* (1904)

Manuel Avilés: *Hipnotismo y sugestión* (1924)

H. P. Blavatsky: *La doctrina secreta*, vol.I (1895)

C. W. Leadbeater: *El plano astral y el devachan* (1923)

Juan B. Igon: *Medicina casera e higiene privada*.

Max Heindel: *Concepto rosacruz del Cosmos o ciencia oculta cristiana* (1912)

Max Heindel: *Cristianismo Rosacruz* (revista)

Matías Usero Torrente: *Jesuitismo y Masonería (dos ideales opuestos)* (1932)

Instituto Metapsíquico de Buenos Aires: *Vida de Jesús* (dictada por él mismo).

Corona Mística: (Casa Editorial Maucci, 1903)

Colección de oracións escollidas por Allan Kardec e outros de varios autores.

Sofía (revista teosófica). Anos 1897 e 1898.

O gaiteiro de Lugo (calendario galego). Pro Año Triunfal de 1939.

Almanaque Bailly-Bailliere (1932)

Santa Biblia (1932)

The Rosicrucian Fellowship: *Lección mensual del estudiante* (monografías dende xuño de 1935 ata novembro de 1963)



Publicación «Rosacruz» de Rafael Freire Lamas.

El Heraldo Rosacruz (revista) 6 números, Barcelona, 1934-1936

Nuevo manojito de flores

Orígenes de la vida

La abeja y la colmena

Krishnamurti y su mensaje (Impresiones de Ommen)

El regentador del mundo solar os da un radio de luz

Suplemento de la *Enciclopedia Sopena*

El libro de los médiums

Narraciones del Infinito

Procedimientos industriales al alcance de todos

La ciencia de los sacramentos

Astronomía

Curso completo de electricidad práctica

Cómo se habla a los muertos

ABC del Espiritismo

Historia de un alma

Nuevo sistema de curación natural (vols. 1 e 2)

Las vidas sucesivas

Del mundo y su división

Revista General de Marina (1959)

Álgebra y Trigonometría

Plenitud de paz, poder y abundancia

A Santa Compañía, de Céltiga.

Real Academia Española: *Gramática castellana* (1916)

Eustaquio Echauri: *Diccionario manual latino-español* (1939)

2. RELACIÓN DA FAMILIA FREIRE COA GUERRILLA

Lembra Francisco Freire Barcia que, sobre o ano 1942, o seu pai axudaba xa, na Cernada, aos “escapados”, como adoitaba chamalos. Rafael subía a miúdo ao monte a levarlles comida. Asimesmo tamén eles baixaban ás veces á casa, xa que o seu refuxio estaba situado preto do muíño. Xente que paraba na casa era, por exemplo, Amador Barcia e outros de Regüela, coñecidos e apreciados pola familia, aínda que cando eles chegaban a Francisco mandábano para a cama, polo que non pode falar con máis detalle.

En torno a 1946 (aproximadamente) chegaron á Cernada dous guerrilleiros cos que a familia non tiña relación. Tratábase de *Parará* (que fora cabo municipal en Pontedeume) e outro alcumado *El Asturiano*. Preguntaron a Rafael se podían pasar a noite na adega e este accedeu. Algún tempo despois correuse a voz de que *Parará*, e o seu compañeiro, levaran a cabo unha orde de recadar diñeiro para pagar o barco que levaría ao exilio a un grupo nutrido de homes, entre os que se encontraba Amador Barcia. Ao parecer, o diñeiro foi recadado con rapidez e con poucas contemplacións, xa que se dedicaron a entraren en todas as casas que encontraban no seu camiño, sen repararen nas condicións económicas de cada familia, causando verdadeiros estragos na maior parte dos casos. Pero os seus superiores, aínda que axustizaron a *Parará* para lavaren a imaxe da guerrilla, mentres non tiveron o diñeiro nas súas mans non actuaron.

No ano 1948 oíanse polo lugar comentarios sobre os guerrilleiros. Unha noite, de regreso a casa, Arturo Freire Barcia encontrouse cunha partida de cinco ou seis guerrilleiros, que lle pediron que lles facilitase un lugar onde pasaren a noite. O acompañaron ata a casa e durmiron nunha adega. Pasaron alí o día seguinte, comeron na casa e así entraron en contacto con outros dous irmáns de Arturo, José e Juan. Cando marcharon, ao anoitecer, deixaron sobre a mesa unha cantidade de diñeiro (posiblemente porque se deron conta de que a familia non tiña recursos).

A casa converteuse en punto de apoio da guerrilla. E, noutras moitas ocasións, os guerrilleiros presentábanse no lugar pola noite, guindaban unhas pedriñas á fiestra onde durmía un dos fillos de Rafael, Evaristo. O mozo asomábase e eles avisaban que ían durmir á adega. Así foi como o xefe dos guerrilleiros, Francisco Rey Balbís *Moncho*, entrou en contacto cos rapaces, falando con eles e adoutrinándoos. A Rafael non lle agradaba ese home, e tentaba non conversar con el; dicía que era arrogante e mala persoa.

Nesa adega pernoctaron en moitas ocasións guerrilleiros como *Pancho*, *Foucellas*, *Riqueche*, *Moncho* e Marita, os fillos do *Buzo* de Mugaridos, *Tocho* (compañeiros de Fina do *Buzo*), etc.

A familia Freire tiña, dende logo, sentimentos antifranquistas, pero tampouco estaban de todo de acordo coa forma de proceder da guerrilla nesta época, xa que obraban entre as familias campesiñas con autoridade, esixindo e non pedindo. Cando a guerrilla acudía a unha familia, a resposta só podía ser afirmativa, había que asumir todos os riscos. Quizais por iso Arturo non simpatizaba demasiado con eles, e o sentimento, ao parecer, era recíproco.

Sen embargo, non dubidaban en confiarlle tarefas, como nunha ocasión na que lle pediron que fose recoller, na parada de “El Villalbés”, nas Filgueiras, a un home. Parece que chegara da Coruña e viña para reunirse cos guerrilleiros máis destacados da zona. Francisco Freire Barcia lembra perfectamente porque vestía moi elegante, con traxe, sombreiro e maletín. Permaneceu alí ata o día seguinte, reunido con eles na adega da casa.

Nalgunhas ocasións os guerrilleiros quedaban na adega durante varios días, facendo as comidas na casa, coa familia, a pesar da pobreza desta. En ocasións, ao marcharen, se tiñan diñeiro deixaban algo para axuda dos gastos ocasionados.

Francisco Freire lembra unha ocasión na que mercaron un cabrito á súa nai, e o sacrificaron para comer entre todos. *Foucellas* fora o encargado de preparalo. Era un home extravertido, próximo, co que resultaba fácil conxeniarse. Nunha ocasión, na sobremesa estendeu a bandeira republicana que levaba consigo, e cantou un himno. Era habitual que entoaran cancións, e tiñan unha especialmente emotiva, dedicada aos compañeiros que caían na loita.

Adoitaban conversar moito con Rafael e os seus fillos, e Rafael tiña boa relación con todos, agás, como xa mencionamos, con *Moncho*. Nunca o puido dixerir e sempre desconfiou del. Estaba convencido de que o xefe da IV Agrupación non era de fiar e así o manifestaba sempre na casa.

3. A CONSTRUCCIÓN DA BASE DA CERNADA

A finais do ano 1948 a guerrilla decidiu construír unha base preto da casa da Cernada, un lugar máis seguro para todos, onde podérense reunir con certa tranquilidade e pasar tempadas os camaradas que tiñan menos mobilidade, tal era o caso do *Coxo de Paradela*, *Tocho* (que padecía do corazón), e as fillas do *Buzo*, Fina e Marita. Estas foron as persoas que máis tempo pasaron no refuxio.

A elección do lugar correu a cargo de Juan Freire, *Tocho* e Rosendo de Alvedro [Rosendo Sar], que prepararon un espacio camuflado baixo un monte de toxos altos, ao lado do cal discorría o río.

Juan Freire encargouse de mercar a madeira no aserradeiro de Vilar de Mouros, e tamén a lona para impermeabilizar do tellado, que cosería a súa irmá Herminia e que posteriormente pintarían de verde.

Os taboleiros fixéronos na Cernada, nunha das adegas, a que se encontraba fronte á porta da casa (a adega onde pasaban a noite era a do forno, na parte traseira), e os encargados deste traballo foron Juan, *Tocho* e *Foucellas*, que tiña boa man para esas cousas.

Ao principio construíuse unha chabola cuberta de palla e xestas, pero posteriormente levantaron preto unha máis grande, construída xa con madeira, que dispuña de fachinelos con palmelas de coiro, que se abrían para ventilar. No interior había dúas colchoeiras para durmir, que se pregaban, e un taboleiro grande para comer. Cociñábase fóra, con carbón de leña, pero en lugar cuberto tamén, camuflado pola vexetación. E tiña un retrete con saída ao río, pechado con sacos e paos. Tamén contaban cunha ducha artesanal, ideada cun barril grande que se enchía de auga. Fina do *Buzo* lles cosía a roupa e lles confeccionaba os pantalóns cunha máquina de coser.


Cando tiveron o lugar acondicionado, deixaron de pernoctar na adega de Rafael, agás algún caso puntual, como a ocasión na que estivo «o home do chapeo», ao que os guerrilleiros chamaban «secretario». Moi probablemente se tratase de Melchor Díaz, xa que este, nun dos seus informes (Santidrián, 2002: 369), falaba dunha base a descrición da cal coincide asombrosamente con esta da Cernada. Aquel home pasou a noite na casa, coa familia, mentres os guerrilleiros (máis de 20), durmían no refuxio.

Alí se desenvolveron, nesta época, máis xuntanzas. Francisco Freire lembra outra ocasión na que estaba coas vacas no monte e baixou, como tantas veces, ata o agocho, saíndo a recibilo *O Coxo de Paradela* cun paquete de galletas «María» na man, mandándolle que marchase de alí por tiñan unha xuntanza moi importante. Nesta ocasión, había moita xente.

A comida e demais cousas que precisaban os guerrilleiros adoitábaas mercar Juan, que era de toda a familia o que tiña máis relación con eles, e actuaba como enlace. Normalmente mercaban os víveres na taberna de Antonio Fernández, en Goente. Adoitaban ir cando non había xente e, mentres tres ou catro vixiaban fóra, Juan entraba e lle pedía ao taberneiro que lle fixese un paquete. Este home moi probablemente sabía para quen eran aquelas cousas, pero nunca falou.

Juan e José visitaban con frecuencia a base, estreitando a súa relación coa guerrilla. Tiveron sorte de que o seu irmán Arturo, que tiña moitas relacións debido ao seu traballo no Concello, tiña certa amizade co tenente da Garda Civil das Pontes, que probablemente en atención a esta amizade levaba un tempo dando voltas preto da Cernada, pero evitando a visita polo que puidese acontecer. Pero un día do mes de maio de 1949 encontrou a Juan Freire e comezou a interrogalo. Juan foi contestando como tantas outras veces ás preguntas do tenente, pero este, nun momento dado, lle dixo: «Ya me cansan los cojones de aguantar».

Encontrarse, nestes anos, coa Garda Civil non adoitaba ser un acontecemento agradable, e todo o mundo, se podía, evitábo. Porque, se a persoa era rexistrada, se levaba algo de interese para algún dos gardas llelo requisaban sen contemplacións -así lle aconteceu ao propio Rafael cunha navalla que apreciaba moito e levaba no bolso-. De paso, podía recibir un golpes e ameazas: era norma habitual meter o medo no corpo á xente.



A Cernada, xullo de 2003. Arriba, arredores do escondite da guerrilla. No medio, lugar onde construíu a guerrilla a súa base, á beira do río, polo que hoxe corre moi pouca auga. E abaixo, a bodega do forno aínda en pé, construída por Rafael Freire Lamas.

A mencionada frase do tenente desencadeou o desmantelamento do refuxio por parte dos guerrilleiros, e a fuxida de todos nun brevísimo espacio de tempo. Juan, por ser enlace, quizais se viu obrigado a fuxir, xa que estaba demasiado involucrado; José e os seus amigos Juan Gabeiras e José Seijo foron convencidos ou decidiron por conta propia acompañalo.

A noite da súa fuxida, en maio de 1949, os dous irmáns levaron consigo dúas escopetas que había na casa, aínda que non colleron a pistola de Arturo, probablemente para evitarlle problemas, xa que era unha arma autorizada polo gobernador civil, e Arturo a portaba polo risco que supuña para el levar diñeiro encima cando tiña que ir aboar o subsidio ás familias.

En canto ás escopetas, unha llela regalara *Riqueche* a Evaristo. Era a escopeta dun falanxista. Tiña unha chapa co número de identificación, que eles naturalmente borrarón. A outra escopeta era un arma vella que tiña o seu tío José (irmán de Rafael) en Os Roxedoiros, e que Juan lle pedira para limpala e conservala.

Rafael e Peregrina nunca volveron ver aos seus fillos con vida. Souberon tempo despois que estiveran agochados en varios montes, preto de alí.

A Juan matárono en Monfero, o 31 de outubro de 1949; a José o 31 de agosto de 1951, en Neda. Rafael sempre pensou que *Moncho* os delatara, porque a Garda Civil matara a todos os que ían con el, pero a el nunca o collían. A morte deses fillos marcou un antes e un despois na vida da familia. Os pais sempre estaban tristes, e na casa apenas se volveu falar do acontecido.

Despois da fuxida de Juan e José a familia decatouse de que a Garda Civil, que xa antes tiña costume de realizar rexistros en calquera momento, os empezara a vixiar máis de preto. Na casa decidiron, entón, queimar as fotografías dos dous irmáns, para que non resultase doada a súa identificación. Tamén queimaron e enterraron libros de Rafael, comprometedores nos seus contidos, que podían ter ocasionado serios problemas.

Foron ameazados en numerosas ocasións co desterro. A estas ameazas si temía a familia, posto que coñecían casos próximos nos que se levaran a cabo.

4. MORTE EN MONFERO DE JUAN FREIRE BARCIA

O 31 de outubro de 1949 Juan perdía a vida en Pazos (Monfero), xunto aos seus seis compañeiros do Destacamento *Arturo Cortizas*: José Temblás Paz, Adolfo Allegue Allegue *Riqueche*, Antonio López *Canín*, José Chao Rouco *Benita* e Rogelio Alonso Carral. Como logo veremos, Juan Gabeiras, ao que se deu por morto neste enfrontamento, morrería dous anos despois. Todo parece confirmar que o outro guerrilleiro morto era José Remuñán Barreiro *Ricardito*.

A cronoloxía dos acontecementos é ben coñecida mercé ao libro citado de Heine, ás informacións dos xornais, o traballo publicado na revista «Cátedra» ou o recente libro de Máiz. Limitarémonos, pois, a comentar o que os membros da familia Freire lembran do suceso.

Cando cesaron os disparos dende a casa, a Garda Civil non sabía exactamente o motivo. Para non arriscárense decidiron mandar un furgón a A Cernada para recoller a Rafael, Peregrina e Arturo, e tamén, no Picobello, recolleron a Encarnación Gabeiras Barro, nai de Juan Gabeiras, que os gardas crían que se encontraba tamén na casa; pero este dato era incorrecto. Puxéronse en camiño a Pazos ao atardecer, e en Pontedeume pararon a cargar uns bidóns de gasolina. A súa intención, ao parecer, era queimaren a casa se os que se encontraban dentro non se entregaban.



A Cernada, xullo de 2003. Arriba, camiño que subía ao monte desde as casas cara a Goente e cara ao escondite da guerrilla. Ao fondo, casa de Pena. No medio, espacio entre a casa dos Freire e a dos seus veciños os Pena no que se ve un alpendre construído por Rafael Freire Lamas para gardar o carro. E abaixo, entrada á casa dos Freire, diante da que se fixeron os taboleiros para o escondite.



Cando os familiares chegaron ao lugar puideron oír como a Garda Civil chamaba aos irmáns Freire, cominándoos a saíren, dicíndolles que eles non fixeran nada e nada malo lles ía pasar. Logo, obrigaron a Peregrina e a Encarnación a entraren soas na casa, chamando aos mozos.

Catro cadáveres xacían fóra da casa, en diferentes lugares. Entre estes estaba Juan, que tentara romper o cerco saltando por unha fiestra, sendo alcanzado por unha bala, caendo ao chan. Dentro da casa, dous cadáveres estaban tirados no chan, e un terceiro, sentado contra unha esquina, xacía coa pistola na man. Din que, nestes casos, cando xa non había saída, o máis valente mataba aos seus compañeiros e logo se suicidaba. Antes mortos que en mans dos represores.

Cando a Garda Civil comprobou, a través das mulleres, que alí non quedaba ninguén vivo, entraron na casa e obrigaron a Rafael e Arturo a reunir todos os corpos e amontoalos nunha esquina, para subilos posteriormente a un carro que os levaría ao cemiterio.

O tenente coronel da Garda Civil achegouse con malas maneiras a Rafael, culpándoo con total impudor do que alí sucedera. Rafael só respondeu: Demóstramo.

Sumado á dor intensa que sentían, aínda tiveron que oír frases como estas, de boca dun garda: ¿Mirastes se estaban ben mortos? ¡A ver se hai algún fillo de puta que se levante!

Peregrina e Rafael identificaron perfectamente ao seu fillo, pero había algúns cadáveres moi desfigurados, ao parecer, e os gardas obrigaron a Encarnación a identificar a un destes como o seu fillo, a pesar de que ela non recoñecía a ningún, e isto seguiu mantendo aínda despois de ter feito unha identificación positiva, forzada, naturalmente, polas circunstancias.

Juan Gabeiras non morrería ata xullo de 1951, en Tellado (Fene). Alí foi identificado por Arturo Freire Barcia, que pagou o cadaleito tamén.

A algúns dos cadáveres foilles practicada a autopsia, e non foron enterrados ata o día seguinte. A Juan mercáronlle un cadaleito e os demais foron directamente á foxa. Encontrábanse presentes para a inhumación Rafael, Evaristo, Arturo e José do Picobello. Xaceron os restos dos sete guerrilleiros, por tanto, nunha foxa común sobre a que posteriormente Bernardino colocaría unha pedra e unha cruz de madeira, tenso sido substituída a cruz bastantes anos máis tarde por unha de mármore e unha placa en memoria de Juan.

Despois da morte do seu fillo, Rafael foi falar co dono da casa de Pazos (Monfero) para coñecer con detalle o ocorrido, pero ignoramos que foi o que alí se dixo.

A Garda Civil continuou frecuentando A Cernada para realizar rexistros e interrogatorios. Mesmo nunha ocasión desprazouse ata alí un capitán do destacamento de Pontedeume para pedir a Peregrina que convencesese ao seu fillo José para que se presentase ás autoridades, comprometéndose a que non lle pasaría nada, xa que non tiña delictos de sangue. Pero, como xa dixemos, non Rafael nin Peregrina volveron ver aos seus fillos con vida despois de que estes abandonaran a casa.

O 2 de setembro de 2003 os restos de Juan Freire Barcia foron exhumados no mosteiro de Monfero, achándose, á altura da súa cadeira, 11 balas do 9 largo, que seguramente quedaron, sen que ninguén se decatase, nalgún bolso (dúas delas tiñan pegados diminutos anacos de tea gris). O 13 de setembro serían exhumados os restos dos seus pais, Rafael e Peregrina, no cemiterio da Capela, e reunidos todos no panteón nº 45 do cemiterio de Santiago de Requián (Betanzos). Os restos de José, sen embargo, son irrecuperables, xa que en Santa María de Neda non se levaba entón (ano 1951) rexistro algún de inhumacións, nin uns dez anos máis tarde. Tampouco se lle deu aviso á familia para que puidesen proceder a recoller aqueles restos.

Poder chegar a efectuar a inhumación de Juan levou certo tempo, xa que había diferentes testemuñas sobre como foran enterrados os guerrilleiros, e Francisco Freire Barcia só sabía con exactitude que Juan estaba no lugar marcado cunha pedra, pero non sabía con seguridade se os compañeiros estaban con el ou noutra foxa, posto que el non presenciara o enterro, a os testemuños doutras persoas o confundían. Afortunadamente, unha persoa faloulles do enterrador e sancristán do mosteiro, que ao parecer acadara certo compromiso verbal con Rafael Freire en relación coa sepultura. Este home, sendo un neno, tivera a oportunidade de vivir de preto a traxedia de Pazos (ao parecer o tiroteo fora tan intenso que asubiaban as balas preto do mosteiro), e ademais puido curiosear cun amigo, algo maior ca el, monaguillo no mosteiro, a través dunha fiestra lateral do mesmo, e presenciar a sesión fotográfica e posterior inhumación dos guerrilleiros. Gracias a el púidose realizar unha exhumación escrupulosa e concienciada.

5. JUAN FREIRE BARCIA

Naceu o 21 de marzo de 1926 en Vilar de Mouros. Cando tiña seis anos trasladouse coa súa familia a A Cernada, pero ao pouco tempo os seus avós e tíos dos Roxedoiros lles pediron aos seus pais, Rafael e Peregrina, que deixaran ir vivir a Juan con eles, consentindo nisto os pais, algo habitual naquelas épocas. Juan, xa que logo, viviría cos seus tíos dende os sete anos ata os 20. Asistiu á escola de Cabalar. Cando morreron os seus avós, os tíos que vivían na casa repartiron a herdanza e se dispersaron, quedando a vivir alí o seu tío José Freire Lamas (irmán do seu pai). Foi entón cando Juan regresou á Cernada, cos seus pais e irmáns.

Ao serlle detectada unha deficiencia nunha válvula do corazón, librouse de facer o servizo militar. Dedicouse a traballar na casa, axudando aos seus pais, e tamén facía chapuzas, traballos de albanelería e cantería xunto ao seu cuñado Jesús (esposo dunha media irmá).

Estivo traballando en Taboada, arranxando a casa de Bernardino (esposo da súa irmá Herminia). Cando se incorporou á guerrilla seica deixou atrás dúas noivas, unha en Goente e outra en Taboada.

Partida de defunción de Juan Freire Barcia

En Monfero, provincia de La Coruña, a las doce horas y cuarenta minutos del día dos de Noviembre de mil novecientos cuarenta y nueve, ante Don Gumersindo Rodriguez Calaza Juez de Paz y Don Andres García Navarro Secretario propietario, se procede a inscribir la defunción de Don Juan Freire Barcia, de veinte y dos años, natural de Capela provincia de La Coruña hijo de Don Rafael y de Doña Peregrina, domiciliado en la parroquia de Cernada número ... piso ..., de profesión labrador que nació el día ... de Marzo de mil novecientos veinte y seis y de estado soltero.

Falleció en despoblado el día treinta y uno de Octubre a las siete minutos, a consecuencia de Hemorragia interna y externa por disparo de armas de fuego según resulta de certificación facultativa y reconocimiento practicado, y su cadáver habrá de recibir sepultura en el Cementerio del ex Convento.

Esta inscripción se practica en virtud de diligencias sumariales instruidas al efecto ... consignándose además ... habiéndola presenciado como testigos Don Ramón Tojeiro Varela? y Don Manuel Rodriguez Calaza, mayores de edad y vecinos de esta ciudad.

Leida esta acta, se sella con el del Juzgado y la firman el señor Juez, con los testigos de quien doy fe.

G. RodríguezRamón TojeiroM. RodríguezA. García

[Rexistro Civil de Monfero, Tomo 38, fol. 109 da Sección 3ª]

6. JOSÉ FREIRE BARCIA

Naceu o 22 de agosto de 1928 en Vilar de Mouros. Contaba catro anos cando a familia se trasladou á Cernada. Foi ao colexio de Goente e xa dende pequeno o que realmente lle atraía era a idea de ser militar. Pero o seu pai non compartía as súas inquedanzas, de maneira que tentou que o fillo perdese o interese. Cando marchou da casa estaba en trámites para librar do servizo militar; xa tiña o primeiro informe médico favorable, por padecer do estómago. Estivo traballando entre dous ou tres anos no Concello da Capela -onde era escribinte o seu irmán Arturo-. Cando se incorporou á guerrilla estaba precisamente de baixa. Tamén realizou un curso de técnico de radio por correspondencia. Co pretexto de facer unha radio peza a peza comezou a ir asiduamente pola súa casa José Seijo, grande amigo seu. Pasaban horas encerrados na adega, moi posiblemente urdindo xa os seus planos para a inminente incorporación á guerrilla, sen que na casa ninguén sospeitase nada.

En maio de 1949 incorporouse á guerrilla.

Francisco Freire Barcia lembra que, nunha ocasión, a Garda Civil levou ao seu irmán Evaristo a Ferrol para prestar declaración, xa que aos seus oídos chegara a noticia de que coñecía o paradiro de José. Efectivamente, un traballador da Central do Eume contálle que vía ao seu irmán José todos os días, mentres facía as gardas na vella Central, xa que moi preto de alí, ao pé do río tiña a guerrilla un refuxio, onde ademais se encontraba a emisora. Evaristo declarou ás autoridades que efectivamente a persoa que lle nomeaban lle comentara que vira pasar a José Freire algunha vez por alí, pero que el non o cría, xa que o citado individuo adoitaba embriagarse a miúdo.

Pouco tempo antes de morrer en Neda José conseguiu librarse dun cerco en Santa Cruz de Mehá (Mugardos), nunha cova que construíra con outros compañeiros na casa de Dolores Loureda. O agocho estaba ben protexido, porque só se podía entrar nel por unha trampaña camuflada nunha escaleira na corte das vacas, e só o dono da casa sabía como abrila. Tiña, ademais, unha saída de emerxencia debidamente camuflada tamén cor mirtos. A boa fortuna fixo que se evitase unha tentativa de queimar a casa, podendo saír polo pasadizo Josefa Gallego Abeledo, Julián de la Rosa e José Freire Barcia. Ao parecer, un garda civil que estaba de vixilancia preto da saída da cova, observou como saían os guerrilleiros pero gardou silencio.

José perdeu a vida en Puntal (Neda) xunto a tres compañeiros: Antonio Castro López *Tocho*, Antonio Veiga Mejuto *Cacharrón* e José Sancho Riera *El Valenciano*, o 30 de agosto de 1951. Encontrábanse no seu agocho, no soto dunha casa. Foron abandonados polo Partido (o PCE), e unha delación levou á Garda Civil ata o lugar. Rafael e Peregrina foron identificar o cadáver do seu fillo antes de ser inhumado xunto aos seus compañeiros nunha foxa común do cemiterio de Neda. Pagaron un cadaleito para José e o párroco, Rafael Taboada Vázquez (actual prior da Colexiata da Coruña) mandou ao sancristán que levase cadaleitos para todos. Foron os derradeiros guerrilleiros da zona de Ferrol.

O seu nome, xunto co de Juan Gabeiras, Antonio Veira Mejuto, e outros, aparece na Causa 156/51, polo delicto de actividades comunistas, auxilio e encubrimento. Nesta causa aparece un atestado no que se conta as circunstancias da súa morte, e os seus compañeiros, en Neda.

Partida de defunción de José Freire Barcia, Rexistro Civil de Neda, parroquia de Santa María de Neda

En NEDA, provincia de La Coruña, a las veinte horas y treinta y cinco minutos del día primero de Septiembre de mil novecientos cincuenta y uno.

Ante D. José Posse Carballedo Juez comarcal y D. José Doval García Secretario, se procede a inscribir la defunción de D. José Freire Barcia, nacido en Capela, término de Capela, el día de ... de ..., de veintitrés años de edad, natural de Capela, provincia de La Coruña, hijo legítimo de D. Rafael Freire y de D^a Peregrina Barcia, domiciliado en Capela, de profesión labrador y de estado soltero.

Falleció en el lugar del Puntal, de este término el día treinta y uno de Agosto último a las catorce horas, a consecuencia de Hemorragia interna traumática según resulta de diligencia de autopsia y reconocimiento practicado, y su cadáver habrá de recibir sepultura en el Cementerio de Santa María de Neda.

Esta inscripción se practica en virtud de lo acordado en providencia de esta fecha como consecuencia de diligencias sumariales, consignándose además que se ignora si otorgó testamento, habiéndola presenciado como testigos D. José Selando? Suárez y D. Avelino Gómez Carrera, mayores de edad y vecinos de Neda.

Leída esta acta, se sella con el del Juzgado y la firman el Juez y los testigos de que certifico.

[Seguen as sinaturas.]

[Rexistro Civil de Neda, tomo 33, páxina 147 da sección 3^a].

7. ARTURO FREIRE BARCIA

Arturo Freire Barcia naceu o 30 de maio de 1920 en Vilardemouros. Na Guerra Civil foi mobilizado, pero como o seu destacamento estaba na retagarda non chegou a ir á fronte. Cando rematou a guerra enviárono a casa cunha invalidez total, porque tiña reuma e non podía moverse. Estivo máis dun mes na cama ata que mellorou. Despois, o secretario do Concello levouno alí como «escribente», e estivo traballando con el ata 1947.

Ademais do traballo no Concello era secretario de «La Sindical», e adoitaba levarse traballo pendente a casa, xa que tiña bastante faena coas cartillas de racionamento e os pagos de subsidio familiar polas diferentes parroquias.

Aínda que non simpatizaba demasiado coa guerrilla, fundamentalmente por algunhas das súas actuacións, vimos como colaborou en varias ocasións, e tamén é quen recoñece o cadáver de Juan Gabeiras cando aparece morto en Tellado (Fene).

8. NOTA SOBRE JUAN GABEIRAS

Juan Gabeiras, que fora identificado erroneamente en Monfero, despois desta matanza continuaba vivo, e así llelo fixo saber Amador da Braña a Arturo, xa que mentres cazaban el e o seu compañeiro Alonso en Carballos Vello foron dar por casualidade co agocho

dun grupo de guerrilleiros entre os que se encontraba Juan, ao que recoñeceron perfectamente.

Pero a noticia chegou a oídos da Garda Civil, que detivo aos dous cazadores e tamén a Rafael e Arturo, pasando case un mes encarcerados en Ferrol sen xustificación algunha.

9. BERNARDINO BLANCO SALIDO (ESPOSO DE HERMINIA FREIRE BARCIA)

Vivía no lugar de Taboada. Ao parecer, sempre axudou aos guerrilleiros no que podía, levándolles comida ao monte, e mesmo chegou a construír un refuxio para un recién chegado da zona de Vigo. Nunha ocasión, por unha delación, el e o seu pai foron detidos e levados a prestaren declaración, sendo posteriormente encarcerados. Sufriu consello de guerra o 25 de maio de 1950. Na acusación dicíase que en outubro de 1949 se entrevistara cun tal Antonio Rico, que lle pediu que pasase na súa barca a unha partida de guerrilleiros, efectuando o servizo. No mes de marzo de 1950 o seu cuñado [José] Freire conduciu a unha chabola onde falou cos guerrilleiros; días máis tarde guiou a *Riqueche* e ao seu grupo ata Teixeira, recibindo dúas cartas que entregou ao seu cuñado para que este, á súa vez, as entregase aos guerrilleiros. Estivo en prisión dous anos, acusado de ser “estafeta” da guerrilla. Francisco Freire non sabe se a acusación era fundada ou non, xa que non falou nunca con Bernardino sobre o tema. Tampouco se sabe, por tanto, se chegou a confesar algo, pero si que foi salvaxemente golpeado, deformándolle os ósos, especialmente a columna vertebral. Ao pai tamén o golpearon moito na súa presenza. Bernardino reside en Caracas coa súa familia dende o ano 1955.

10. ENTREVISTAS DE ISABEL FREIRE VILARIÑO (FILLA DE FRANCISCO FREIRE BARCIA) CON TESTEMUÑAS DOS SUCESOS DE MONFERO E NEDA.

Conversas con María Caaveiro e Maruja de Sanjuán

María, que reside na actualidade en Neda, é propietaria dunha casa en Pazos (Monfero) dende a cal pódese ver a casa de Hermenegildo Sanjuán, onde aínda hoxe vive unha familiar deste, Maruja, casada cun garda civil retirado, e que no ano 1949 tiña 18 anos e se encontraba na casa cando liquidaron a todo o Destacamento *Cortizas*.

Antes de que dera comezo o tiroteo, o pai de María Caaveiro transitaba polo camiño cando lle deron o alto. Como coñecía a un dos gardas, este recomendoulle que regresase á súa casa e non saíse dela, posto que estaban rodeando aos fuxidos na casa de Sanjuán, e a situación ía ser problemática. O home volveu á casa e, dende alí, observaba o que acontecía na dos seus veciños.

Inicialmente só había cinco gardas, pero este dato descoñecíanos os guerrilleiros, que se viron absolutamente sorprendidos e, segundo María, saíron pola porta traseira, con *Riqueche* á cabeza, para veren que pasaba. Inmediatamente comezaron a disparar sobre eles, que volveron introducirse na casa, agás *Riqueche*, que botou a correr e foi morto no acto. Aquí comezou a lea: nervios, sorpresa, incerteza, inexperiencia e xuventude dalgúns, o líder morto...Tiraron bombas de man, dispararon e tres guerrilleiros (un deles Juan) terminaron saltando por unha fiestra situada nun lateral da casa. Como era noite de lúa chea os gardas non tiveron dificultades á hora de acertar. Dous caeron mortos e Juan arrastrouse, ferido, ata o prado detrás da casa, onde foi rematado.

Segundo o testemuño de Maruja, os tres que quedaron dentro (Temblás ao mando) queimaron papeis e moito diñeiro. O cerco se reforzara considerablemente, e o tenente coronel falaba con eles dende a casa veciña (pegada á outra por un lateral) tentando negociar a saída da familia Sanjuán (os moradores da casa) e a rendición dos guerrilleiros. Finalmente, deixaron saír á familia, se ben antes un dos guerrilleiros entregou o seu reloxo a unha filla do dono da casa, pedíndolle que o levase a un enderezo de Ferrol, e que lle dixese aos seus pais que estaba morto.

A casa estaba rodeada de morteiros de gasolina, todo preparado para queimala. Temblás estaba gravemente ferido nunha perna, os tres parapetados nunha habitación da planta superior, sobre a entrada principal da casa. De súpeto cesan os disparos dende o interior. Pasou un tempo. Segue o silencio dentro da casa. Chega un furgón cos pais de Juan Freire, xunto con Arturo e Encarnación do Picobello. María Caaveiro tiña catorce anos e moita curiosidade, polo que se achegou cos outros á casa e viu como Peregrina chamaba ao seu fillo, crendo que aínda estaba vivo, como meteron ás dúas mulleres soas na casa, chamando aos seus fillos, como Rafael ía dando a volta aos cadáveres fóra, ata que encontrou a Juan baixo unha maceira, e ao voltealo dixo: «Señores, este é o meu fillo. Díganme, ¿qué orgullo pode sentir un pai que encontra ao seu fillo así, morto?». Un garda que observaba a escena meneou a cabeza e retirouse.

A Encarnación levárona a identificar ao seu suposto fillo, pero lle tocaba no colo ao rapaz ao tempo que dicía que o seu fillo tiña a noz moi avultada e aquel non, que non o recoñecía, pero lle insistiron en que si, falándolle sen moita educación e con bastante prepotencia. A día de hoxe ninguén sabe quen era en realidade aquel mozo.

Rafael e Arturo foron obrigados a reunir os cadáveres diante da porta, pero entre os dous non conseguían baixar aos que estaban na casa, e Rafael suplicoulles un pouco de axuda. Os gardas pediron entón un voluntario entre os veciños, e o irmán de María Caaveiro (xa falecido) prestouse, xa que sentía unha inmensa pena ao observar a Rafael e o que estaba acontecendo. Cando terminaron a tarefa aínda lle ordenaron a Rafael que contabilizase os cadáveres. Posteriormente foron cargados nun carro ao que lle renxían as rodas moi fortemente, chamando a atención de todos ao longo do camiño ata o cemiterio, expoñéndoos e atemorizando así á xente.

Maruja confirmoulle a Isabel Freire que os sete mortos están na mesma fosa, no lugar onde está a cruz en memoria de Juan Freire, dous en cadaleito e cinco na terra. Asegura que no lugar onde colocaron unha lápida non hai nada, e que lles causara grande estrañeza que a foran colocar alí.

María tamén comentou a Isabel que a súa familia tiña certo parentesco con *Riqueche*, e todos sabía a sona de cruel que tiña. Se lle atribuían varios asasinatos, e segundo María todo podía ser certo, xa que lle fixeran tanto dano que el era capaz de levarse por diante a quen fose, sen lamentalo en absoluto.

Estivo agochado durante un tempo na súa casa. Os seus pais lle fixeran un caixón no baño dunha vaca, e cando ían por alí os gardas, pechaban o caixón e botaban herba abundante no baño. Aí pasou *Riqueche* moito tempo, ata que desterraron aos seus pais, e a partir de entón entrou a formar parte da guerrilla, e non sentiu compaixón por ninguén.

Conversa con Juana de Maceiras e Rafael Taboada

Juana de Maceiras vive en Puntal de Abaixo (Neda), na casa onde supostamente se agochaban José Freire, *Tocho*, *Cacharrón* e *O Valenciano*. A casa era dos pais de Juana en 1951 (ela tiña nove anos). Pegada a ela había outra moi vella e deteriorada.

Juana sabe que hai moitas versións sobre a mortes destes guerrilleiros, e insiste que a versión verdadeira é a que ela conta, e que en ningún momento a familia axudou aos guerrilleiros nin a ninguén que puidese comprometerlos en absoluto, nin tiveron ningún tipo de contacto con eles, a pesar de que coñecían a un, que ao parecer procedía de preto de alí. De feito, a familia tiña moita amizade cun garda civil.

Recorda Juana que se encontraba a familia reunida comendo en casa cando aconteceu todo e eles só se decataron ao oír os disparos de que algo ía mal.

O grupo de maquis entraron ao parecer mortos de fame a roubar nunha tenda situada máis arriba da casa de Juana, e o dono subiu ao tellado berrando e pedindo auxilio. Entón os mozos asustáronse e saíron correndo a través das hortas contiguas tentando esconderse na casa vella antes mencionada, rompendo unha fiestra podre e coándose dentro, pero aos poucos xa se encontraban rodeados pola Garda Civil. Ao ver que os gardas estaban diante da casa volveron á parte de atrás tirándose pola mesma fiestra pola que entraran, abrindo fogo contra os gardas, e caendo abatidos uns detrás doutros os catro alí mesmo.

Juana e a súa familia considéranse afortunados, porque a porta traseira da súa casa sempre estaba aberta e sen embargo eles non se refuxiaron alí.

Tamén conta que os gardas quixeron prender lume a unha casa veciña crendo que había outro grupo de homes alí agochados, pero que chegou un comentando que xa os tiñan a todos e non faltaba ningún, por tanto non era necesario queimar a casa.

Pola súa parte, Rafael Taboada Vázquez, actual abade da Colexiata da Coruña, estaba como párroco adxunto en Neda. Tiña 23 anos e era o seu primeiro destino.

Na primavera de 1951, cando levaba a comunión a un enfermo, acompañado por un neno que exercía de monaguillo, na altura de Puntal de Arriba, nunha carballeira, viu a un grupo duns catro homes sentados fumando. Deulle mala espiña e, co neno da man, marchou. Pensa que puideron ser os guerrilleiros que meses máis tarde tivo que enterrar.

Un día foi avisado de que tiña que ir falar co párroco titular –que padecía de alzheimer-. Este díxolle que mataran a catro homes no Puntal, e os levaban a enterrar ao cemiterio. Taboada comentoulle que iso ía ser difícil, xa que non tiñan parcela, pero o vello crego insistiu en que xa ían de camiño e que se encargase de todo.

A xente comezou a achegarse ao cemiterio. Alí cavouse unha grande foxa para os catro, que chegaron nun carro tirado por bois. Taboada, que sabía que non se lles podía dar sepultura sen terlles efectuado antes a autopsia, dado que morreran de morte violenta, mandou a un mozo a que fose buscar, en bicicleta, ao forense militar. Mentres agardaban, ía chegando máis e máis xente. O crego comprobou que a tres dos falecidos os puxeran en cadaleitos, mentres que o cuarto xacía no chan. Preguntou por qué, contestándoselle que aquel mozo era valenciano e non tiña familia alí que lle pagara a caixa. Taboada mandou, entón, que se trouxese outro cadaleito para el. Un tal Pazos (do “Ocaso”), preguntou quen llelo ía pagar, responsabilizándose o crego.

Seguía a chegar máis xente e tamén regresou o mozo que fora buscar ao forense, e díxolle que aquel lle dixera que ata o día seguinte non podía ir, “xa que tiña unha cea moi importante”. Taboada, asustado ante tanta xente e temendo que se producisen disturbios, mandou a outro mozo que traballaba en Bazán a que fose de novo avisar ao forense militar, regresando este coa mesma resposta que o anterior. Nestas alturas, o cemiterio e os seus arredores estaban ategados de xente. Taboada foi buscar ao xuíz, que non estaba, falando entón co secretario, José Doval, explicándolle o problema e pedíndolle unha solución inmediata, xa que consideraba absolutamente necesario dar sepultura aos cadáveres ou

Ile sería difícil conter a toda aquela xente, entre os que había traballadores de Bazán e xente de sindicatos. O secretario buscou unha solución, cubrindo uns certificados de defunción sen previa autopsia e facendo constar como causa das mortes “hemorragia interna”, xa que os cadáveres estaban acribillados. Doulles sepultura e, pouco a pouco, a xente comezou a marchar.

Ao día seguinte presentouse en Neda o forense militar, disposto a practicar as autopsias. Cando comprobou que xa os enterraran, enfureceuse e esixiulle a Taboada que desenterrase os cadáveres, posto que aquilo ía contra da lei. Taboada tamén enfadouse, explicándolle todo o que acontecera, concluíndo que, se lles quería realizar as autopsias, que os desenterrase el mesmo; cousa que o outro non fixo.

Este mesmo día Taboada foi comer cun matrimonio amigo. O señor da casa era irmán do capitán Varela, de Pontedeume, que tamén se encontraba na casa este día, e moi irritado pediulle ao crego explicacións polo que fixera, xa que na noite anterior “Radio Pirenaica” emitira a crónica do suceso, enxalzando ao crego polo seu xesto heroico, ao enterrar aos “valientes guerrilleros” opoñéndose e enfrontándose ao sistema militar. Os superiores de Varela estaban que tronaban, armándose gran rebumbio. O crego díxolle que el se limitara a cumprir coas súas funcións e que non entendía de política.

Logo dun tempo, Taboada foi destinado a Miño, a onde Rafael Freire Barcia ía de cando en vez a visitalo, e tamén lle escribía cartas de agradecemento.

Sobre estes sucesos, Rafael Freire lembra que os foron buscar a A Cernada un día ao serán e que os seus pais, outros irmáns e el mesmo foron a Neda. Non lles dixeron que José morrera, pero a Peregrina dicíalle que era mellor ver a un fillo morto que roubando e metido en cousas malas, ao que ela contestaba que non sabía o que era mellor ou peor, que o único que quería era velo na casa. Cando chegaron a Neda xa anoitecera. Alí lles contaron o que pasara e que os cadáveres se encontraban no depósito, sendo xa demasiado tarde para velos. De todas maneiras, non tiñan por que preocupárense, posto que José xa fora identificado (Francisco Freire cre que foino polo seu irmán Jesús, que vivía en Sillobre). Non puideron, logo, ver aos cadáveres e foron conducidos ao cuartel de Narón.

Francisco Freire di tamén que o seu pai falou con Taboada para que non lle practicasen a autopsia ao seu fillo, aínda que o crego non lembra ter falado con familiares dos defuntos, crendo que ao día seguinte Rafael Freire e algún dos seus fillos foron ao enterro.

FONTES E BIBLIOGRAFÍA

Fontes

Arquivo familia Freire Barcia

Rexistro Civil de Neda.

Rexistro Civil de Monfero.

El Ideal Gallego

La Voz de Galicia

Bibliografía


- AGUADO SÁNCHEZ, Francisco, 1975, *El maquis en España. Su historia*, Librería Editorial San Martín, Madrid.
- (1976): *El maquis en España (sus documentos)*, Librería Editorial San Martín, Madrid.
- ÁLVAREZ, Santiago (1991): *Memoria da guerrilla*, Edicións Xerais, Vigo.
- e outros (coords.) (2003): *El movimiento guerrillero de los años 40*, 2ª ed. revisada e ampliada, Fundación de Investigaciones Marxistas, Barcelona.
- ASTRAY RIVAS, Manuel (1992): *Síndrome del 36. La IV Agrupación del Ejército Guerrillero de Galicia*, Edicións do Castro, Sada.
- COSTA CLAVELL, Xavier (1977): *Las dos caras de Galicia bajo el Franquismo*, Editorial Cambio 16, Madrid.
- GONZÁLEZ VIDAL, Francisco (1999): *Paco Balón: memorias de un comunista ferrolano*, edición e notas de Víctor Manuel Santidrián Arias, Edicións do Castro, Sada.
- HEINE, Hartmut (1982): *A guerrilla antifranquista en Galicia*, 2ª ed., Edicións Xerais, Madrid.
- LAMELA GARCÍA, Luís (1993): *“Foucellas”*. *El riguroso relato de una lucha antifranquista (1936-1952)*, Edicións do Castro, Sada.
- MÁIZ VÁZQUEZ, Bernardo (1988): *Galicia na IIª República e baixo o franquismo*, Edicións Xerais, Madrid.
- (2004): *Resistencia, guerrilla e represión. Causas e Consellos de Guerra, Ferrol, 1936-1955*, A Nosa Terra, Vigo.
- NEIRA VILAS, Xosé (1991): *Guerrilleiros*, Edicións do Castro, Sada.
- REIGOSA, Carlos G. (1989): *Fuxidos de sona*, Edicións Xerais, Madrid.
- RÍOS, Isabel (1990): *Testimonio de la Guerra Civil*, 2ª ed., Edicións do Castro, Sada.
- SANTIDRIÁN ARIAS, Víctor Manuel (2002): *Historia do PCE en Galicia (1920-1968)*, Edicións do Castro, Sada.
- SERRANO, Secundino (2001): *Maquis. Historia de la guerrilla antifranquista*, Temas de Hoy, Barcelona.
- SOREL, Andrés (2002): *La guerrilla antifranquista. La historia del Maquis contada por sus protagonistas*, Txalaparta, Tafalla.
- VIDAL SALES, José-Antonio (2002): *Maquis. La verdad histórica de la “otra guerra”*, Espasa Calpe, Madrid.
- OTERO ROBERES, Carmen, SOBRINO CEBALLOS, Juan e DOMÍNGUEZ FERRO, Manuel (2001): «Fuxidos na Fraga: episodios da guerrilla antifranquista nas terras do Eume», *Cátedra*, 8, Pontedeume.



Porta de entrada á bodega do forno, onde dormían Juan e os guerrilleiros.



*ARTE, LITERATURA
ANTROPOLOGÍA...*



BELEZA PRESTADA

NAQUEL TEMPO inevitable
tomou prestada a beleza
daquel mar axitado,
beleza aterradora,

que

o levara

ás emocións clandestinas
dun renovado amencer.

Olga Patiño Nogueira